CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o chan e a auga.	Recoñecer hábitos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto por elementos e recursos do medio como o chan e a auga.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Mostrar hábitos de vida sustentable e tomar conciencia da importancia do respecto, os coidados e a protección do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio.	Recoñecer hábitos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto polo planeta.		
CA3.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer as características dos elementos do medio natural.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura con apoio.		
CA4.5 - Traballar de forma cooperativa, respectando as normas básicas de convivencia.	Intentar facer traballo cooperativo cumprindo as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...). - Iniciación ao coñecemento científico presente na vida cotiá tendo en conta a importancia do coidado do planeta. - Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese. - Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación. - Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos. - Posibilidades de procura guiadas de información seguras en Internet. - Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións. - As adaptacións dos seres vivos ao seu hábitat, concibido como o lugar no que cobren as súas necesidades. - A Terra no universo. Elementos, movementos e dinámicas relacionados coa Terra e o universo e as súas consecuencias na vida diaria e na contorna. Secuencias temporais e cambios estacionais. - Observación dun animal ou dunha planta, no seu medio natural ou reproducindo o medio no centro educativo. - Fenómenos atmosféricos. Observación, reflexión e rexistro de datos atmosféricos. Comprobación do observado nos diferentes medios de comunicación. - Orientacións espaciais, nocións básicas para que lle permitan orientarse nun debuxo, nun plano ou en maquetas simples da contorna máis próxima. - Clasificación e identificación de animais e plantas da súa contorna a partir das súas características observables. - Responsabilidade ecosocial. Accións para a conservación, mellora e uso sustentable dos bens comúns. - Importancia no coidado e respecto cara aos seres vivos e a contorna na que viven, evitando a degradación do chan, do aire ou da auga. - Hábitos de vida sustentable. O aire como elemento imprescindible para a vida. A contaminación atmosférica - Uso responsable dos materiais: reducir, reutilizar e reciclar.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Proxectos de deseño e pensamento computacional - Estratexias básicas de traballo en equipo.

UD	Título da UD	Duración
2	A VIDA DO SER HUMANO	60

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura con apoio.	TI	100
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar información sinxela de diferentes fontes con apoio e empregala en diferentes investigacións.		
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialogada e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna.		
CA2.3 - Recoñecer hábitos de vida saudables, valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, a hixiene, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso e o uso adecuado das tecnoloxías.	Recoñecer hábitos de vida saudables relacionados coa alimentación, o coidado do corpo e o uso das tecnoloxías.		
CA2.4 - Coñecer as principais partes do corpo, identificando os órganos implicados na realización das funcións vitais.	Coñecer as principais partes do corpo.		
CA2.5 - Distinguir accións que favorezan o benestar emocional e social, recoñecendo as emocións propias e as dos demais e identificando as relacións familiares e escolares ás que pertence.	Recoñecer emocións propias e dos demais e identificar as relacións familiares e escolares ás que pertence.		
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos á súa contorna.		
CA3.2 - Recoller información sobre manifestacións culturais da propia contorna, mostrando respecto a outras persoas, valorando a súa diversidade e riqueza, e apreciándoa como fonte de aprendizaxe.	Obter información sobre a cultura da contorna mostrando respecto por outras culturas valorando a diversidade.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar respecto pola igualdade de xénero.		
CA3.4 - Identificar institucións próximas, sinalando e valorando as funcións que realizan en prol dunha boa convivencia.	Identificar accións que fomenten unha boa convivencia.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos, especialmente como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, tomando conciencia da importancia da mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Coñecer normas básicas para unha boa convivencia no uso de espazos públicos tanto para as persoas como para o coidado do planeta.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura con apoio.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Mostrar respecto polo patrimonio natural e cultural como un ben común.		
CA4.2 - Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima, empregando nocións básicas de medida e sucesión.	Ordenar temporalmente feitos da contorna con axuda.		
CA4.3 - Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado, incorporando a perspectiva de xénero.	Coñecer formas de vida do pasado.		
CA4.5 - Traballar de forma cooperativa, respectando as normas básicas de convivencia.	Intentar facer traballo cooperativo cumprindo as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese. - Tipos de profesións presentes na contorna próxima e relacionadas coa ciencia e a tecnoloxía, desde unha perspectiva de xénero: similitudes, diferenzas e ferramentas que empregan. - Propostas de traballo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. - Posibilidades de procura guiadas de información seguras en Internet. - Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións. - Hábitos saudables relacionados co benestar físico do ser humano: hixiene, alimentación variada, equilibrada e sustentable, exercicio físico, contacto coa natureza, descanso e coidado do corpo como medio para previr posibles enfermidades. - Recoñecemento dos cambios do corpo a través do tempo. As etapas da vida. - Observación, identificación e función das principais partes do corpo. Ósos, articulacións e músculos. - Introducción das funcións de relación, reprodución e nutrición como funcións vitais. Principais órganos implicados. - Hábitos saudables relacionados co benestar emocional e social: estratexias de identificación das propias emocións e respecto polas dos demais. Sensibilidade e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade. Educación afectivo-sexual. - Identidade e diversidade cultural: existencia de realidades diferentes e aproximación ás distintas etnoculturas presentes na contorna. A convivencia cos demais e o rexeitamento ás actitudes discriminatorias. Cultura de paz e non violencia. - A localidade e o seu goberno. O concello e os seus servizos básicos. O exercicio activo da cidadanía. A pertenza a grupos sociais da localidade: deportivos, recreativos, culturais?

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Igualdade de xénero e conduta non sexista. - Seguridade viaria. A cidade como espazo de convivencia. Normas básicas nos desprazamentos como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción. - A vida en sociedade. Espazos, recursos e servizos da contorna entendidos como bens comúns e compartidos. Formas e modos de interacción social en espazos públicos desde unha perspectiva de xénero. - Medios de transporte máis comúns na contorna, recoñecendo os máis adecuados para as persoas e/ou mercadorías. - O ciclo vital e as relacións interxeracionais. Árbore xenealóxica sinxela dos membros da súa familia. Toma de conciencia do paso do tempo ordenando os feitos máis importantes da súa vida, da familia, da súa contorna. - As expresións e producións artísticas a través do tempo. O patrimonio material e inmaterial local. Coidado e conservación. - Proxectos de deseño e pensamento computacional - Estratexias básicas de traballo en equipo.

UD	Título da UD	Duración
3	MATERIA, CIENCIA E TECNOLOXÍA	65

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela.	Participar en equipo ou individualmente en experimentos guiados con axuda.	TI	100
CA1.4 - Participar en experimentos pautados ou guiados, cando a investigación o requira, utilizando diferentes técnicas sinxelas de indagación, empregando de forma segura instrumentos e rexistrando as observacións de forma clara.	Participar no desenvolvemento de experimentos de forma guiada e con axuda.		
CA3.2 - Recoñecer a través de pequenas investigacións o comportamento da luz e do son ante diferentes corpos.	Mostrar interese no comportamento da luz e do son ante diferentes corpos.		
CA3.3 - Analizar o efecto das forzas sobre determinados obxectos de uso común, realizando experiencias sinxelas con máquinas e aparellos.	Analizar o efecto das forzas sobre determinados obxectos utilizando máquinas e aparellos con axuda.		
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Traballar en equipo ou individualmente sobre un produto final sinxelo de forma guiada.		
CA4.3 - Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado, incorporando a perspectiva de xénero.	Coñecer formas de vida do pasado.		
CA4.3 - Mostrar de forma oral ou gráfica o produto final dos proxectos de deseño, explicando os pasos seguidos con axuda dun guión.	Mostrar de forma gráfica ou oral o produto final traballado en equipo ou individualmente de forma guiada con axuda.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Participar na resolución guiada de problemas sinxelos de programación utilizando o pensamento computacional.	Participar en equipo ou individualmente de forma guiada e con axuda na resolución de problemas de programación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Técnicas para unha correcta exposición oral dos resultados da investigación. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións. - Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Identificación da materia e das súas propiedades. - Propiedades observables dos materiais, a súa orixe e o seu uso en obxectos da vida cotiá de acordo coas necesidades de deseño para os que foron fabricados. - As substancias puras e as mesturas: distinguir e separar mesturas heteroxéneas mediante distintos medios a través da experimentación. - A luz e o son como formas de enerxía presentes na vida cotiá. - Observación e identificación de máquinas e aparellos da súa contorna. - Estructuras resistentes, estables e útiles. Experimentación e observación dos efectos das forzas sobre estruturas construídas con materiais de uso común na aula. - Uso responsable dos materiais: reducir, reutilizar e reciclar. - Uso de obxectos e artefactos da vida cotiá como fontes para reflexionar sobre o cambio e a continuidade, as causas e as consecuencias. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe - Coñecemento dos compoñentes básicos dun computador. - Identificación, clasificación e funcións dos dispositivos dixitais da contorna de aprendizaxe, así como a súa manipulación. - Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia. - Recursos dixitais para comunicarse con persoas coñecidas en contornas coñecidas e seguros. - Proxectos de deseño e pensamento computacional - Identificación e clasificación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá. - Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipado e comunicación. - Iniciación á programación adaptándose ao nivel de comprensión e á súa manipulación (plataformas dixitais de iniciación á programación, robótica educativa...). - Estratexias básicas de traballo en equipo.

4.1. Concrecións metodolóxicas

No desenvolvemento desta programación utilizarase unha metodoloxía baseada na aprendizaxe de contidos conectando as diferentes áreas dentro de cada ámbito a través de actividades que leven ao alumnado a acadar unha aprendizaxe competencial.

A través dos materiais curriculares e dos diferentes temas transversais levaranse a cabo pequenos proxectos que partan dos coñecementos previo do alumnado e que teñan os intereses do alumnado presentes. Deste xeito fomentárase a motivación do alumnado por querer facer e aprender.

Terase en conta a diversidade da aula adaptando as actividades á realidade do noso alumnado.

Utilizarase apoio visual coa utilización de videos, imaxes, material manipulable, etc.

A metodoloxía sempre será activa, vivencial, manipulativa e contextualizada achegando ao alumnado ao descubrimento activo a través da formulación de preguntas, procura de información, investigacións e realizacións de experimentos.

O traballo desenvolverase en gran grupo, pequeno grupo, parellas e individualmente favorecendo a inclusión de todo o alumnado tamén a través de actividades de traballo cooperativo e a través de dinámicas de cohesión de grupo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

Para o desenvolvemento desta programación utilizaráanse diferentes recursos tanto persoais como materiais:

- O profesorado do centro educativo será un gran recurso persoal para que o alumnado poida acadar as aprendizaxes propostas para este curso (mestra titora, especialistas de PT e AL e equipo de orientación).
- As familias tamén forman parte deste recurso persoal no que a axuda e guía na casa é fundamental.
- A utilización de material manipulativo, videos, historias, imaxes, etc son o eixe para que o alumnado parta da vivenciación para logo poder facer e acadar as aprendizaxes propostas.
 - A utilización de recursos tecnolóxicos como as tablets de Snappet son recursos que permitirán ao alumnado poder traballar a competencial dixital á vez que practica e aprende contidos.
 - A utilización de diferentes fichas de traballo elaboradas polo profesorado axudarán ao alumnado a acadar as aprendizaxes necesarias.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A comezos de curso, durante as primeiras semanas, se levará a cabo unha avaliación inicial para poder analizar a situación académica do alumnado nese momento e poder comezar partindo dende o que o alumnado sabe. Isto axuda ao alumnado a comezar con interese e confianza o novo curso.

A avaliación inicial axudaranos ao mesmo tempo a detectar necesidades de reforzo e apoio educativo no alumnado que o precisa e poder abordar certas necesidades dende o comezo e a supervisar e analizar o avance ao longo dos trimestres.

Tomaranse as medidas oportunas dependendo de cada alumno/a individualmente.

Farase unha revisión dos informes de cada alumna/o para poder ser coñecedores de calquera situación que requira importancia e supervisión.

Recollerase á súa vez información relevante do profesorado do curso anterior e nas reunións de familias de comezo de curso de ser necesario.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	40	40	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia/ámbito, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, é dicir, as táboas de indicadores.

As táboas de indicadores serán rúbricas, listaxes de cotexo ou escalas de observación entre outros.

Estas táboas de indicadores terán a porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o respecto polos compañeiros e compañeiras, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grado de responsabilidade na execución dos proxectos, ademais do traballo realizado no caderno de clase.

Tamén serán valoradas as tarefas e fichas, é dicir, o traballo diario de clase o cal tamén terá unha porcentaxe marcada en cada unidade para cada criterio de avaliación.

Para obter a cualificación de cada unha das unidades empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados.

A cualificación da avaliación final da materia/ámbito calcularase facendo unha media das tres avalliaci3ns trimestrais.

Criterios de recuperación:

Criterios de recuperación: Se nalgún momento se obtén unha calificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese/a alumno/a en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade.

6. Medidas de atención á diversidade

Na etapa da educaci3n primaria pon3erase especial e3nfase na atencio3n a3 diversidade do alumnado, na deteccio3n precoz das su3as necesidades especia3s e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusio3n e asegurar o dereito a unha educaci3n de calidade.

Neste sentido, cobra especial relevancia o tratamento do Alumnado con Necesidade Espec3fica de Apoio Educativo (ACNEAE), entendidos como os alumnos e alumnas que requiran unha atencio3n educativa diferente a3 ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicaci3n, por trastornos de atencio3n ou de aprendizaxe, por descon3cemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situaci3n de vulnerabilidade socioeducativa, polas su3as altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicio3ns persoais ou de historia escolar.

O traballo coordinado xunto co Departamento de Orientaci3n, o equipo docente e a familia do alumnado ser3 fundamental para a abordaxe das dificultades que poidan xurdir no proceso de ensino-aprendizaxe.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.2 - Comprensión lectora	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X
ET.4 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X
ET.5 - Educación para un consumo responsable	X	X	X
ET.6 - Educación emocional e en valores	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas pola contorna	Para a observación de plantas e animais.	X	X	X
Saídas pola contorna	Para a observación dos elementos naturais e artificiais	X	X	X
Obradoiros	Para levar a cabo as aprendizaxes vivenciando	X	X	X
Conmemoracións	Recollidas no calendario escolar e de obrigado cumprimento para aprender elaborando, celebrando e vivenciando.	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Revisando os indicadores para ver se logramos os obxectivos propostos.
Metodoloxía empregada
Analizando resultados e variando propostas.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Analizando se a distribución do material e mobiliario na aula resulta cómodo para o desenvolvemento do traballo diario.

Medidas de atención á diversidade
Tendo en conta as necesidades do alumnado e adaptando materiais e tarefas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
Clima de traballo na aula
Revisando os indicadores de logro para reconducir e mellorar.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Mantendo contacto coas familias e realizando reunións periódicas de ciclo e de equipos de nivel.

Descrición:

Periodicamente utilizaremos taboas de indicadores de logros e ruźbricas para valorar cada un destes aspectos e poder recunducir e mellorar aqueles que non se estean aproveitando axeitadamente.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación é un elemento flexible que debe adecuarse á realidade do alumnado, polo que se irán introducindo melloras ao longo da súa posta en práctica a medida que sexan necesarias.

O seguimento da programación anual realizarase principalmente en tres momentos: ao finalizar cada unidade didáctica, trimestralmente e anualmente.

Teranse en conta os seguintes indicadores:

1. Responder ás características do alumnado da aula.
 2. Resultar útil para o uso docente na aula.
 3. Seguimento da temporalización.
 4. Consecución dos niveis mínimos de logro dos contidos de aprendizaxe traballados.
 5. Prever mecanismos de recuperación, repaso, ampliación e reforzo.
 6. Modificar en función das necesidades de docencia ou aprendizaxe sen perder coherencia.
 7. Presentar unha coherencia gradual lóxica dos obxectivos, contidos, criterios de avaliación ao longo do seu desenvolvemento.
 8. Dispoñer de mecanismos de revisión e de mellora.
 9. Realizar revisións periodicamente.
 10. Responder aos centros de interese do alumnado do grupo.
 11. Establecer relacións de interese do alumnado do grupo.
- Unha vez analizados estes indicadores, realizaranse modificacións na programación que poden supoñer:
1. Modificacións da metodoloxía empregada.
 2. Cambios nos procedementos e instrumentos de avaliación.
 3. Modificacións na temporalización.
 4. Deseño de medidas correctoras para correxir as dificultades.

9. Outros apartados